

6. HABITACIÓN INTELIXENTE

Deseño de solucións avanzadas para mellora a **monitorización dos pacientes** hospitalizados a través de:

- A **toma de constantes automatizadas**, o que se traduce na optimización do tempo de dedicación do persoal e na mellora da seguridade dos datos rexistrados.
- A utilización de **sistemas de comunicación bidireccionais co paciente**, mellorando así a súa seguridade e confort e os tempos de resposta.
- A **minimización de erros** na medicación, a realización de probas, a aplicación de técnicas e procedementos, etc.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **Santiago, Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras e Lugo-Cervo-Monforte**.